



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2025/02

PLN/2025/02.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E NOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Sendo as dezanove horas e trinta e dous minutos do vinte e nove de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Non asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Excusa a súa asistencia o concelleiro Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da titular do posto de interventora, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Con carácter previo ao inicio da sesión a secretaria solicita do Presidente o uso da palabra para trasladar aos/as concelleiros/as as e público asistente que con motivo das actuacións desenvolvidas para conectar o aparato de grabación coa cámara instalada no salón de sesións, tras a realización de tres probas de son na mañana da data, compróbase que non será factible dispoñer de arquivo de audio da sesión.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 18.12.2024 (2024-0016) E 13.01.2025 (2025-0001)..Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 18.12.2024 (2024-0016).

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención por falta de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

				asistencia á sesión
--	--	--	--	---------------------

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data (2025-0001).

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Un voto a favor e abstención de Dolores González Lorenzo por falta de asistencia

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

2º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO DE CASTELAO EN 2025. Escrito de Moción do que se deu conta á Xunta de Portavoces con data vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e cinco:

“4.- DAR CONTA DAS MOCIÓNS PRESENTADAS, NO SEU CASO.

Consta a presentación de escrito de moción no Rexistro xeral nos termos ROM, dos seguintes escritos de moción:

4.1º.- MOCIÓN DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO DE CASTELAO EN 2025 (2025-E-RPLN-1)

Escrito de moción que tras unha exposición de motivos eleva á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“...

1. Apoiar a declaración de 2025 como Ano Castelao.
2. Xestionar diante das administracións públicas para facilitar o desenvolvemento das súas





Concello de Mugardos
(A Coruña)

actividades referentes ao Ano Castelao no Concello de Mugardos.

3. Instar ao goberno municipal a impulsar unha programación municipal propia que poña de relevo a dimensión política de Castelao, o seu compromiso con Galiza, a súa obra artística e literaria, e o seu humanismo e internacionalismo solidario. Para tal fin, deberase desenvolver e impulsar unha programación de actividades transversal, en cooperación coas asociacións e os centros educativos ou calquera outras axeitadas.”

A Xunta de Voceiros/as dá por realizado o trámite para a elevación do escrito de moción ao Pleno.

...”

Escrito de moción que responde ao seguinte tenor:

“...

Podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas, que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886 - Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario.

Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, que o levou a participar activamente nas principais organizacións do nacionalismo galego, primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931). A súa obra literaria e artística destes anos é plenamente consecuente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego. Nos anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como Cousas ou o álbum e a exposición Nós, e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista Nós, o Museo de Pontevedra ou o Seminario de Estudos Galegos.

Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933 e a partir de abril de 1936. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na expansión do Partido Galeguista e na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936. Un Estatuto que non vía como un punto de chegada, senón como o primeiro paso para o desenvolvemento do autogoberno de Galiza.

Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público.

A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fundamente a Castelao. Por iso, a partir de xullo de 1936 dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista. Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos-Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbums da Guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza e Milicianos), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Malia a derrota e a enfermidade que o consumía pouco a pouco, aínda tivo azos para impulsar a creación da Irmandade Galega (1941), para publicar o libro Sempre en Galiza (1944) e outras obras como Os vellos non deben de namorarse ou As cruces de pedra na Galiza, para promover a fundación do Consello de Galiza (1944), do que foi o primeiro presidente, para pronunciar discursos históricos como o Alba de Gloria (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente.

Toda a súa vida e a súa obra - depositada na súa maior parte do Museo de Pontevedra pola súa vontade e o empeño persoal de Virxinia Pereira -, constitúen un inmenso legado político e cultural que é preciso administrar e divulgar, facendo que os seus ideais se fagan realidade na Galiza de hoxe.

Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Temos a obriga de facelo sendo fieis ao seo pensamento, á súa obra e ao seu compromiso político, que constitúen unha unidade indisolúbel. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego. Como deixou dito Virxinia Pereira “Toda a arte de Castelao, debuxos, conferencias... son esencialmente política”. Inmediatamente despois da súa morte, o franquismo iniciou a construción dunha versión manipulada de Castelao, enalzando o creador e o artista xenial, e atacando, ocultando ou minimizando a súa traxectoria e obra política.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Continuar con esta visión terxiversada, convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e de compromiso político, utilízalo como estandarte en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación do legado inmenso que nos deixou.

Cando se veñen de cumprir 80 anos da publicación no exilio de Sempre en Galiza e da fundación do Consello de Galiza, e cando se cumpren 75 anos do seu pasamento en Bos Aires, É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, e a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. Apoiar a declaración de 2025 como Ano Castelao.*
 - 2. Xestionar diante das administracións públicas para facilitar o desenvolvemento das súas actividades referentes ao Ano Castelao no Concello de Mugardos.*
 - 3. Instar ao goberno municipal a impulsar unha programación municipal propia que poña de relevo a dimensión política de Castelao, o seu compromiso con Galiza, a súa obra artística e literaria, e o seu humanismo e internacionalismo solidario. Para tal fin, deberase desenvolver e impulsar unha programación de actividades transversal, en cooperación coas asociacións e os centros educativos ou calquera outras axeitadas.*
- ...”

Primeira quenda de intervencións	
Grupo BNG	Abre o exame deste punto da orde do día a portavoz do grupo BNG dando lectura aos pronunciamentos do acordo que se eleva á consideración do Pleno.
Grupo PP	Inicia a súa intervención o portavoz do grupo PP adiantando o voto a favor da aprobación da moción e que por parte da concelleira delegada da área de Cultura xa se está a axendar a programación das diferentes actividades conmemorativas.
BNG	Pecha o debate como proponente da moción agradecendo o apoio na votación que espera sexa por unanimidade.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o **seguinte acordo**:

Primeiro.-Apoiar a declaración de 2025 como Ano Castelao.

Segundo.-Xestionar diante das administracións públicas para facilitar o desenvolvemento das súas actividades referentes ao Ano Castelao no Concello de Mugardos.

Terceiro.- Instar ao goberno municipal a impulsar unha programación municipal propia que poña de relevo a dimensión política de Castelao, o seu compromiso con Galiza, a súa obra artística e literaria, e o seu humanismo e internacionalismo solidario. Para tal fin, deberase desenvolver e impulsar unha programación de actividades transversal, en cooperación coas asociacións e os centros educativos ou calquera outras axeitadas.

3º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE TRAMITACIÓN DA AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE SAN XULIÁN. Escrito de Moción do que se deu conta á Xunta de Portavoces con data vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e cinco:

“4.- DAR CONTA DAS MOCIÓNS PRESENTADAS, NO SEU CASO.

Consta a presentación de escrito de moción no Rexistro xeral nos termos ROM, dos seguintes escritos de moción:

...

4.2º.- MOCIÓN CEMITERIO (2025-E-RPLN-2)

Escrito de moción que tras unha exposición de motivos eleva á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“...

1. Promover las actuaciones necesarias, en el ámbito de sus competencias, para agilizar la tramitación de la ampliación del cementerio de San Xulian.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2. Establecer contacto con el arzobispado con el fin de reservar un espacio en el cementerio para uso municipal.
3. Se proyecten obras de acompañamiento a la ampliación del cementerio: accesos aparcamiento, mejora del alumbrado en las inmediaciones del cementerio.”

A Xunta de Voceiros/as dá por realizado o trámite para a elevación do escrito de moción ao Pleno.

...

Escrito de moción que responde ao seguinte tenor:

“...

Exposición de motivos:

De acordo con las obligaciones recogidas en la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se determina las competencias propias para el municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, pudiendo promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal, entre las que se encuentra EL CEMENTERIO Y ACTIVIDADES FUNERARIAS, descrita en el artículo 25 Y 26. 2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias: k) Cementerios y actividades funerarias.

Artículo 26. 1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.”

Considerando la carencia de cementerio municipal y la escasez de sepulturas, nichos y columbarios disponibles en el cementerio Parroquial de San Julián, se hace absolutamente necesaria y justificada, por evidentes razones de interés general, la adopción de cuantas medidas de urgencias, se consideren imprescindibles para garantizar la mayor cobertura posible de las personas que lo requieran.

Considerando estas circunstancias, la solución más razonable es promover todas las actuaciones posibles que permitan al titular del cementerio parroquial de San Julián acometer las obras de ampliación del cementerio. A su vez, consideramos primordial llegar a un acuerdo entre el Concello y el titular del cementerio contemplando la cesión de espacio reservado al Concello que permita dar cumplimiento a las obligaciones derivadas de la ley anteriormente mencionada.

Por lo expuesto, instamos al gobierno local a,





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- 1. Promover las actuaciones necesarias, en el ámbito de sus competencias, para agilizar la tramitación de la ampliación del cementerio de San Xulian.*
- 2. Establecer contacto con el arzobispado con el fin de reservar un espacio en el cementerio para uso municipal.*
- 3. Se proyecten obras de acompañamiento a la ampliación del cementerio: accesos aparcamiento, mejora del alumbrado en las inmediaciones del cementerio.”*

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PSdG-PSOE	Abre este punto da orde do día o portavoz propoñente dando lectura ao escrito de moción.
Grupo PP	Inicia a súa intervención o portavoz do grupo PP indicando que se trata dun expediente xa elevado á consideración da Comisión Informativa en diferentes sesións. O proxecto presentado polo Arcebispado de Santiago xa comprende as actuacións previstas na moción. A titularidade do equipamento é do Arcebispado a quen se lle deu traslado dos informes sectoriais de Sanidade e Patrimonio Cultural de xeito que cando emenden as diferentes incidencias e legalicen as obras poderase realizar a ampliación con todas as garantías. Pecha a súa primeira intervención sinalando que dende o concello intentouse axilizar a xestión todo o posible.

Segunda quenda de intervencións	
Grupo EU	Inicia a súa intervención a portavoz do grupo EU adiantando o seu voto en contra que quere motivar. Fixeron un seguimento puntual das actuacións, tratándose dun expediente moi longo que non cumpre coa normativa aplicable. Máis quere instar a que a propiedade poda ser recuperada pola veciñanza e que esta cuestión poda ser incluída na orde do día da seguinte





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo PSdG-PSOE	<p>Comisión Informativa.</p> <p>Mostra o seu interese na intervención precedente. Xustifica o pronunciamento primeiro do escrito da moción en canto o expediente nunca se trae a Comisión Informativa nin se resposta ás preguntas da oposición. A continuación relata os diferentes hitos na tramitación administrativa dende o ano 2023 sen que dende maio de 2024, teñan coñecendo do seu estado. O que se pretende coa moción que pese a que non se trate dun cemiterio municipal, sí forma parte das competencias do concello, é que se poda aliviar a actual situación conveniando a súa xestión, coordinando as actuacións para solventar o problema.</p> <p>Van xa dez anos tratando de levar a cabo a ampliación dun cemiterio a diferenza do que acontece noutros concellos que xa dispoñen desta dotación ou ampliaron a súa capacidade.</p>
Grupo PP	<p>Inicia a segunda intervención manifestando a súa sorpresa ante as declaracións do portavoz do grupo PSdG-PSOE que por unha banda indica que non se proporciona información sobre o expediente e por outra relata os pasos da tramitación administrativa realizada.</p> <p>O partido PSdG-PSOE solicitou información sobre unha posible reunión co Arcebispado e dende que se deu conta dela non hai máis información que subministrar. O expediente segue na mesma situación dende fai máis dun ano, e se o proxecto presentado non cumpre coa normativa deberán emendas as deficiencias coma calquera particular. Acepta a petición de incluílo na orde do día da Comisión Informativa.</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Alcalde	Traslada aos concelleiros/as que o vindeiro 13.02.2025 realizarase unha reunión co Arcebispado para tratar diferentes temáticas e entre elas, a situación do cemiterio, e do seu resultado se dará conta.
Grupo PSdG-PSOE	Gustaríalle que se informase do que se vai a pedir na reunión e do seu resultado. Conclúe que no escrito de moción por tanto se solicita o que se vai a tratar na reunión, e reitera que o servizo de cemiterio é unha competencia municipal polo que non está de acordo con que se lle deba dar o mesmo tratamento que un proxecto privado dun/ha particular.
Alcalde	A máxima das peticións que se abordarán na reunión é que se done a propiedade dos inmobles de forma gratuita. Como entenden que non vai a ser aceptado polo Arcebispado, deben dispoñer doutra alternativa que poda parecer razoable, coma poda ser o prezo ponderado en función de diferentes factores coma o estado actual dos bens. Remata a súa intervención aclarando que non se vai a tomar decisión algunha sen dar conta ao resto dos grupos.

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	En conta	A favor	A favor	En contra





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

En atención ao empate producido, de acordo co art. 100.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, procédese a repertir a votación:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	En conta	A favor	A favor	En contra

Persistindo o resultado de empate, decindo o voto de calidade do Presidente, a moción queda rexeitada.

4º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE RENEGOCIACIÓN DO “ACORDO ENTRE O CONCELLO DE MUGARDOS E REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A.”..

Escrito de Moción do que se deu conta á Xunta de Portavoces con data vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e cinco:

“4.- DAR CONTA DAS MOCIÓNS PRESENTADAS, NO SEU CASO.

Consta a presentación de escrito de moción no Rexistro xeral nos termos ROM, dos seguintes escritos de moción:

...

4.3º.- MOCIÓN REVISIÓN CONVENIO REGANOSA (2025-E-RPLN-2)

Escrito de moción que tras unha exposición de motivos eleva á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“... ”

Renecociar el “Acuerdo entre el Ayuntamiento de Mugar dos y Regasificadora del Noroeste, S.A” eliminando los puntos II,2,b, y II.1.d.”

A Xunta de Voceiros/as dá por realizado o trámite para a elevación do escrito de moción ao Pleno.”

Escrito de moción que responde ao seguinte tenor:

“Exposición de motivos: Según los datos actualizados por el Tribunal de Contas el Concello de Mugar dos se presenta un problema importante de sostenibilidad financiera.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Como reiteradamente venimos denunciando desde el grupo socialista, los indicadores de ahorro neto y de remanente de tesorería negativo ponen de manifiesto los problemas para cubrir los gastos corrientes dificultando el pago de facturas a proveedores. Esta situación está repercutiendo en los servicios que debe prestar el Concello a sus vecinos. Servicios como la limpieza y mantenimiento de calles, caminos, parques y demás instalaciones municipales, así como a los servicios sociales y actividades socioculturales sufren las consecuencias de la situación económica del Concello.

No es casualidad que estos indicadores se encuentren en números rojos. La gestión económica imprudente durante los últimos años, la reducción de los ingresos por la sentencia de Reganosa y una serie de decisiones erróneas adoptadas por el actual y los anteriores gobiernos municipales nos han abocado a esta situación.

Para atajar este problema de sostenibilidad financiera se hace necesario adoptar medidas concretas.

Por otra parte, en Octubre de 2023 el Concello de Mugardos suscribió un convenio con Reganosa en el que en el punto II,2,b, la Empresa se comprometía a: “Donar, de forma pura y simple y con carácter irrevocable al Ayuntamiento un importe total de 1.000.000 euros”.

Mientras que el concello de Mugardos y la Empresa en el punto II.1.d consideraban: “totalmente extinguidos los créditos y débitos recíprocos” ... “salvo la cantidad a favor de la empresa de 786.088,35 euros”. Es decir la empresa queda eximida de pagar impuestos por importe de 786.088,35 euros.

Dada la situación de las cuentas municipales expresada por el Tribunal de Contas y la necesidad de tomar las medidas necesarias para revertir esta situación

Instamos al gobierno local a,

Renecociar el “Acuerdo entre el Ayuntamiento de Mugardos y Regasificadora del Noroeste, S.A” eliminando los puntos II,2,b, y II.1.d.”.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PSdG-PSOE	Abre o exame deste punto da orde do día o portavoz do grupo propoñente dando lectura ao escrito de moción. O motivo fundamental da súa presentación é o resultado que previsiblemente van a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>presentar no ano 2024 as contas municipais partindo xa dos resultados do exercizo 2023, no que ademais de ter un remanente líquido de tesourería de signo negativo ao asinar nese mesmo ano ao actual convenio con REGANOSA, empeorou a situación económica-financieira do concello que pasa a estar tamén entre os máis endebedados.</p>
Grupo BNG	<p>A portavoz do grupo BNG abre a súa primeira intervención mostrando a conformidade coa exposición de motivos do escrito de moción polos problemas financeiros que atravesia o concello e por elo pediron que se formase un novo orzamento xeral, a actualización das ordenanzas fiscais etc. . Aínda que votaron en contra da sinatura do convenio hai cousas que non van a cambiar e van a absterse xa que parte do millón de euros que asume REGANOSA como compromiso xa está gastado e é irrevocable. Polo que propoñen unha emenda eliminando o punto primeiro, engadindo ao punto segundo que se negocie un novo convenio que beneficie non só á empresa se non tamén ao concello como pasa noutras entidades locais nas que se emprazan sociedades da mesma embergadura ou natureza.</p>
Grupo PP	<p>O Portavoz do grupo municipal PP manifesta que o convenio non se pode cambiar xa que foi tratado nun auto xudicial. E un auto xudicial é unha sentenza.</p>

Segunda quenda de intervencións

Grupo EU	<p>A portavoz do grupo municipal EU adianta o seu voto en contra xa que non está de acordo con ningún dos</p>
-----------------	---





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>pronunciamentos do escrito de moción e sí a favor de que se cumpra cos termos do convenio asinado e que o millón de euros se destine á rehabilitación do cine Zárate como biblioteca municipal, cuxa licitación leva dous meses en estado de avaliación. Respeta a decisión xudicial que rexeitou a postura defendida polo concello e reitera, insta a que se executen os compromisos do convenio subscrito.</p>
<p>Grupo PSdG-PSOE</p>	<p>O portavoz propoñente aclara que se trata dunha moción económica. Lembra que no seu momento xa pediron que se prestase aprobación aa dous acordos por separado, de forma que no segundo o importe a donar por REGANOSA se adicase a finalidades que revertisen na veciñanza. Estiman que os dous puntos que recolle a moción son os adecuados e rexeitan a emenda formulada.</p> <p>Os ingresos do concello non son suficientes para facer fronte aos gastos. Resalta o caracer desequilibrador que implicou en tal sentido que REGANOSA deixase de ingresar a cota tributaria en concepto de IAE que se viña recadando. O convenio non ten nada que ver coa sentenza xa que non hai nada que obrigue a REGANOSA a facer o convenio e se pode modificar. Se a maioría do Pleno insta a que o importe que se entregue por REGANOSA se adique á rehabilitación do cine Zárate, o seu grupo non se vai a opor. Máis este modelo de financiación pon ao concello en números vermellos. Polo que estiman moi importante que paguen e que a débeda non superarse o 10% dos recursos do concello. Máis a súa postura non se tivo en conta. Reitera os seus argumentos iniciais, incidindo en que hai que buscar unha solución que non</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	implique que o concello asuma a posición debedora.
Alcalde	<p>Toma a palabra e da inicio a un relato de antecedentes de feito do convenio aprobado. O goberno do partido BNG cambia no ano 2009 o epígrafe de tributación no IAE de REGANOSA en Facenda de boa fe máis con peores resultados, e a partir desa data o concello pasa a recibir 500.000 euros anuais. En marzo 2019 comunícase que o TEAC da a razón a REGANOSA no recurso polo epígrafe, instando á devolución das cantidades satisfeitas. O concello resposta que en tanto non exista resolución oficial non pagará nada. Non existe constancia no concello de comunicación algunha presentada no rexistro xeral de que existise unha resolución do TEAC polo que malamente se puido recorrer.</p> <p>Se estuda de seguido que posibilidades existen de ganar un recurso contencioso-administrativo a REGANOSA, dándose traslado das recomendacións dos abogados, e pese a que nun primeiro momento se intentou defender a prescripción de cobro, o TEAC comunicou finalmente que non é factible. Pese a elo, o Pleno considerou que era necesario seguir co proceso xudicial. Finalmente o grupo EU instou unha posibilidade para unha iniciativa que levaba no seu programa e para evitar quebra que provocaría o fallo do proceso xudicial, antepuxeron os seus intereses polos do concello. E en cada caso, en función dos intereses xerais implicados, chegarán aos acordos que sexan necesarios. Pediron que a solución tería que se validado polo Xulgado quen dictou un auto. O que non se pode é agora dar</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>marcha atrás por que o concello non ten liquidez. E en contraposición pon por exemplo unha medida que si axudaría como é a delegación da xestión recadatoria na Deputación. Non lle parece o máis axeitado trasladar á empresa unha iniciativa como esta. O problema é do concello que non ten débeda ningunha con REGANOSA, articulándose a través da figura da compensación para que o concello non teña que pagar. Non coñece acordo mellor que se propuxera, estimando que a condonación do 80% é mellor que nada. Sobre as solucións económicas terán que ser acordadas entre todos os grupos. O goberno está xa a traballar con algunhas delas. Considera a moción como un erro. Non están eximindo de ingresos a ninguén se non compensando e se se pode amortizar antes mellor, máis ese é outro tema. E lexos de prevaricar como dicen outros, o que fixo foi defender os intereses do concello</p>
<p>Grupo PSdG-PSOE</p>	<p>Aclara que en momento ningún dixo que prevaricase o alcalde nin falou de responsabilidade. Agora si vai a comentar que sempre existiu un acordo entre os grupos EU e PP dende o ano 2018 para que deixase ao concello nunha situación de descontrol total como posteriormente aconteceu co convenio con REGANOSA. En canto a que non se pode modificar, a empresa sempre estivo a disposición do concello e non se tiveron en conta as achegas do seu grupo baixo o pretexto de que non se podía alterar nada do seu contido. Se a solución para cubrir máis facturas é a delegación na Deputación segue sen entendela xa que van a cobrar os mesmos tributos. E o de compensación de débeda a futuro indica que é un</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	préstamo de toda a vida. A moción é unha proposta sen que implique que non se rehabilite o cine Zárate para destinalo a biblioteca se non que os ingresos do concello vaian a pagar a débeda con REGANOSA. E a situación actual parte de que o concello dende fai catro anos non ingresa 500.000 euros sen que se teñan recortado os gastos para acometer o problema. E deso trata o escrito de moción e non de mirar ao pasado, buscar responsabilidades o cambiar o destino do cine Zárate. Conclúe a súa intervención sinalando que se non se toman medidas a situación económica do concello vai a empeorar.
--	--

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	En contra	Abstención	A favor	En contra

En atención ao resultado da votación, o Pleno rexeitou a moción presentada.

5º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES

Non se formulan.

6º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse lectura á dilixencia estendida por Secretaría con data 23.01.2025:

“....

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023,





Concello de Mugardos
(A Coruña)

requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal, e informe xurídico pola secretaria da corporación en data 09.02.2024, e téndose elevado o expediente á comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade na sesión celebrada en data 15.02.2024 para a toma en consideración das normas de funcionamento da EIM As Lagoas visadas pola Xunta de Galicia. Con data 15.04.2024 tense recibido novo requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, tra-lo cal tense emitido, en data 05.11.2024, novo informe pola psicóloga municipal no que se recollen as modificacións que se propón incorporar ao Regulamento de Réxime Interior co fin de dar cumprimento ao requirimento da Secretaría General Técnica de la Consellería de Política Social e Xuventude así como ás instrucións recollidas no Decreto 329/2005 de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia; téndose remitido con data 5 de decembro de 2024, vía email, a nova redacción das normas de funcionamento e do Regulamento de Réxime Interior elaborado en concordancia e incorporando no texto Normas de Funcionamento. E con data 09.12.2024 tense recibido novo requirimento de corrección das Normas de Funcionamento tra-lo que se ten emitido, en data 21.01.2025, novo informe pola psicóloga municipal no que se recollen as modificacións que se propón incorporar ás Normas de Funcionamento e ao documento de “Solicitud”, que dende o Concello se utiliza para o procedemento de solicitude de praza, de modo que este recolla os aspectos modificados no Regulamento; todo elo co fin de dar cumprimento ao derradeiro requirimento do servizo de inspección.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior o inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informes pola secretaria municipal en datas 28.09.2023 e 16.01.2024. Así mesmo pola Sociedade Amigos da Paisaxe Galega tense presentado escrito de alegacións ao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello, téndose emitido novo informe pola secretaria municipal en data 06.03.2024, e téndose requirido á Asociación a aportación ao expediente de documentación xustificativa e ao redactor do proxecto da obra incluída no POS+ adicional 2/2021 a emisión de informe onde se reflecta á vida útil das obras contempladas no proxecto; Asociación que con data 28.08.2024 ten presentado a documentación xustificativa da propiedade que estimaron por convinte tra-lo requirimento practicado. Así mesmo tense solicitado información ao Arquivo do Reino de Galicia sobre a titularidade de varias fincas situadas en Beiramar;





Concello de Mugardos
(A Coruña)

información que ten sido facilitada pola dirección do citado arquivo.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Pola dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico tense requerido a aclaración sobre diversos aspectos da solicitude presentada que non supoñan a reformulación nin mellora desta (número rexistro de entrada 2024-E-RC-3427, de 17.07.2024), téndose confeccionado polo Concello de Mugardos documentación aclaratoria das cuestións que a este concello lle atinxen remitidas ao concello de Ares para a súa presentación en tempo e forma con data con data 23.07.2024 (declaración actuacións anteriores; declaración de non ter recibido axudas; declaración/aclaración detalle orzamento e declaración xeneración ingresos). Consta no expediente a apertura de actuacións relativas a nova convocatoria de axudas segundo “RESOLUCIÓN DE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE POR LA QUE SE APRUEBA LA TERCERA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES (2024) EN CONCURRENCIA COMPETITIVA DE PROYECTOS DE MEJORA DE LA EFICIENCIA DEL CICLO URBANO DEL AGUA (PERTE DIGITALIZACIÓN DEL CICLO DEL AGUA), EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA” asinada con data 18.12.2024 (CSV : GEN-b3b0-1889-2db7-0be8-2a73-26b9-5626-80cd)

INICIO ACTUACIÓN EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)” POS +2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e deuse inicio ao trámite de información pública mediante a remisión de anuncio ao Boletín Oficial da Provincia e ao BOE, e con notificación individual ás persoas propietarias interesadas identificadas; téndose publicado anuncio no indicado Boletín Oficial da Provincia núm.179 de data 17.09.2024 e nun dos diarios de maior difusión provincial con





Concello de Mugardos
(A Coruña)

data 19.09.2024 (diario La Voz de Galicia, Comarcas), sen que durante o prazo de información pública se teña presentado reclamación ou suxerencia algunha, segundo consta no informe emitido pola funcionaria encargada do rexistro xeral do Concello de Mugardos. Advertido erro na

relación de titulares, bens e dereitos afectados, polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada en data 18.12.2024, procedeuse a emendar o erro padecido, iniciándose un novo trámite de presentación de alegacións.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2024. NOVA SOLICITUDE. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña, téndose aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o 22 de novembro de 2024, a 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 2/2024 - 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2024 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL, estando condicionada a aprobación definitiva da obra de “Renovación e mellora cubrición pista deportiva de O Cristo” ao cumprimento das condicións singulares que se indican na Circular sobre a aprobación remitida pola Deputación Provincial.

EXPEDIENTE 1739/2024. INTEGRACIÓN DO CORPO DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS NO “SISTEMA DE SEGUIMENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO” (VIOGEN). Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

EXPEDIENTE 345/2024. MODIFICACION BASES EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MBEO 01/2024. Uniuse certificación do acordo ao expediente publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 50, de data 30.12.2024, anuncio de aprobación definitiva do expediente de modificación das Bases de Execución do Orzamento MBO 01/2024.

EXPEDIENTE 2324/2024. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 05/2024 (RELACION F/2024/49). Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, e pola Resolución da Alcaldía núm. 2024-1548 acordouse ordenar o pago das facturas incluídas na relación contable de facturas F/2024/49.

EXPEDIENTE 2342/2024.- CONVENIO PARA A RENOVACIÓN DA





Concello de Mugardos
(A Coruña)

PERMANENCIA NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS MUNICIPAIS. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e deuse traslado do mesmo á Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro da Xunta de Galicia.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A CREACIÓN INMEDIATA DUNHA UNIDADE DE REHABILITACIÓN CARDÍACA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e deuse traslado do mesmo á Xunta de Galicia.

EXPEDIENTE 2481/2024. POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025.

EXPEDIENTE 18/2025. CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS: SOLICITUDE DE ADHESIÓN. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Federación Galega de Municipios e Provincias o documento de adhesión xunto coa certificación do acordo adoptado.”

7º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2024-1453 AO 2024-1562 E ENTRE O 2025-0001 AO 2025-0057.

O Pleno da por realizado o trámite.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos	
Portavoz EU	Contase no público veciños que solicitan que se acorde a constitución da comisión municipal de saúde e benestar social.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>A partir das palabras do Alcalde na sesión, instan a que se esixan ao igual que ao Arcebispado, aos propietarios do pazo de Rilo, castelo de A Palma etc a súa conservación e mantemento.</p> <p>Roga se tramiten as contas da piscina, o PXOM.</p> <p>Roga que se teña en conta a constitución do Consello municipal que vai máis alá do Centro de saúde se non da saúde da poboación e que se obrigue as grandes propiedades para que as conserven.</p>
Portavoz PSdG-PSOE	<p>En función da polémica xurdida sobre os seguros do concello este mes de xaneiro na que a casa de seguros da flota non quiso prorrogar o contrato, para evitar problemas rogan que se renueve la flota de vehículos municipais.</p> <p>Rogan se tramiten os padróns das taxas da auga e os recibos IVTM que levan un ano de retraso.</p> <p>En pouco tempo rematará o prazo para poder presentar a solicitude do POS 2025 e non queda tempo para pode elixir os proxectos, estando a expensas das sorpresas que de o goberno local.</p>
Portavoz BNG	<p>Evaristo Deus Deus: houbo una moción presentada e aprobada para constituir o Consello Municipal de saúde e benestar social e insta a que se cumpra. Seguen igualmente a solicitalo nas Comisións Informativas. E como xa se indicou vai máis alá do centro de saúde para afectar ao benestar da veciñanza.</p> <p>A vista que na XGL se aprobaron</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>memorias para o colexio de Franza, en función do indicado polos pais queren que se eleve a Comisión Informativa as iniciativas que está a desenvolver o goberno respecto dese centro.</p> <p>En canto a reunión co Arcebispado roga que teñan en conta que hai varias casuísticas. Unha a relativa á casa de Bello Piñeiro que é propia do Arcebispado e outra que son os bens expropiados á veciñanza como a escola de Franza, e outro é o cemiterio de San Xoán. E insta a que se teñan en conta na negociación.</p> <p>Portavoz do grupo BNG: En vista das palabras do Alcalde na sesión, en setembro presentaron para o POS unas propostas das que non teñen coñecemento ningún sobre a súa tramitación, da celebración de comisión etc. O que fan é presentar todo o último día para que non se podan negociar. E en canto as opcións para mellorar a situación económica do concello fai meses que presentaron un conxunto de medidas. Polo que rogan se teñan en conta.</p> <p>Instan que os audios do Pleno se suban non so ao portal de transparencia se non tamén á páxina web.</p> <p>Javier Cartelle Cudilleiro: tras moitos anos de espera se inaugurou o punto limpo de Vilar do Colo. Rogan se inclúan nos orzamentos os créditos para que o concello se poda adherir.</p>
Alcalde	O pazo de Rilo é da propiedade dunha cadena hotelera e están en fase de redacción de proxecto.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>En canto á reunión co Arcebispado, están de acordo.</p> <p>Respecto do indicado do contrato de seguros, non é que non se queiran asegurar por que a flota esté mal estado e xa se explicou cál foi o problema.</p> <p>Se está a traballar para que os recibos da auga e IVTM se actualicen.</p> <p>Respecto do POS intentarán ter unha reunión o antes posible e se pode ser, o vernes.</p> <p>Se estudará cómo se pode articular o Consello Municipal de Saúde e Benestar Social máis o que lle chama a atención é por que non fixeron antes o dende que se aprobou o regulamento de participación cidadán.</p> <p>En canto ao centro educativo de Franza, hai un problema de poboación. Das obras informou na Comisión Informativa que se solicitan á Consellería as demandas do colexio.</p> <p><u>A portavoz do grupo BNG</u> toma a palabra para contextualizar que o rogo ven motivado por que co temporal se levantaron uralitas.</p> <p><u>Begoña Gómez Díaz</u> en condición de concelleira delegada de Educación para comentar a premura da pregunta xa que o consello escolar realizouse no día de onte e o temporal tivo lugar antonte. E non vai a esperar á celebración da Comisión para que se podan adoptar medidas.</p>
--	---





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>Alcalde retoma a súa intervención co rogo de adhesión ao punto limpo en Vilar do Colo. No seu momento houbo unha iniciativa de adhesión e tras a emisión de informes desfavorables, paralizáronse os trámites máis espera que finalmente se poda unir o concello.</p> <p><u>A portavoz do grupo EU</u> roga do Alcalde que se poda estudar na Comisión Informativa medidas para facer o centro de Franza máis atractivo como o servizo madrugadores.</p>
--	---

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e cincuenta e catro minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Visto e praxe

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

